

ANPE

Sindicato de Profesores



1. LEI 40/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DE RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

Sección 4.^a Abstención e recusación

Artigo 23. Abstención.

1. As autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte absteranse de intervir no procedemento e comunicarano ao seu superior inmediato, quen resolverá o procedente.

2. Son motivos de abstención os seguintes:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato. c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate. e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

3. Os órganos xerárquicamente superiores a quen se atope nalgunha das circunstancias sinaladas no punto anterior poderán ordenarlle que se absteña de toda intervención no expediente.

4. A actuación de autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas nos que concorran motivos de abstención non implicará, necesariamente, e en todo caso, a invalidez dos actos en que interveñesen.

5. A non abstención nos casos en que concorra algunha desas circunstancias dará lugar á responsabilidade que proceda

Artigo 24. Recusación.

1. Nos casos previstos no artigo anterior, poderá promoverse recusación polos interesados en calquera momento da tramitación do procedemento.

2. A recusación exporase por escrito no que se expresará a causa ou causas en que se funda.

3. No día seguinte o recusado manifestará ao seu inmediato superior se se dá ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, se o superior aprecia a concorrencia da causa de recusación, acordará a súa substitución acto seguido.

4. Se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de tres días, previos os informes e comprobacións que considere oportunos.

5. Contra as resolucións adoptadas nesta materia non caberá recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento.

2. REAL DECRETO 276/2007, DO 3 DE FEBREIRO

Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei.

Artigo 8. Regras adicionais sobre composición e funcionamento.

4. Cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou **se realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas, para o mesmo Corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores, os membros dos órganos de selección deberán absterse de intervir, notificándoo, coa debida xustificación documental, á autoridade convocante, quen resolverá o que proceda.**

3. COMPOSICIÓN TRIBUNAIS E SUPLENCIAS

ORDE do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A)

Base sétima. Órganos de selección

7.3. Composición dos tribunais

SUPLENCIAS: Se, con posterioridade, tivese que substituírse algunha persoa titular ou suplente do tribunal, a titular será substituída pola correspondente suplente ou, na súa falta, polas que a sigan segundo a orde en que figuren na disposición que as nomeou. Se non puidese actuar a persoa suplente número catro pasaríase ao suplente número 1. De non poder actuar tampouco os/as vogais do tribunal suplente número 1 de cada tribunal a substitución realizarase cos/coas vogais do tribunal suplente número 2, polo mesmo orde establecida no parágrafo anterior. De non poder actuar tampouco os/as suplentes, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos designará a seguinte persoa segundo a relación alfabética da especialidade, empezando pola letra á que se fai mención no último parágrafo do punto 10.2 da presente convocatoria. Quedarán exento da participación no sorteo o persoal funcionario de carreira que preste servizos na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou nas súas xefaturas territoriais.

7.4. Tribunais suplentes. Para cada tribunal designarase polo mesmo procedemento, cando sexa posible, dous tribunais suplentes.

7.6. Constitución dos tribunais.

7.6.1. *Despois da convocatoria do presidente ou presidenta constituiranse os tribunais no prazo máximo de cinco días hábiles desde a súa publicación no DOG, sendo precisa a asistencia do presidente ou presidenta titular ou, no seu caso, do ou da suplente, e de, polo menos, tres vocais, titulares ou suplentes. Na citada sesión acordarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento dos procedementos selectivos. Actuará como secretario ou secretaria o ou a vogal con menor antigüidade no corpo, agás que o tribunal acorde determinalo doutra maneira. No caso da mesma antigüidade actuará como secretario ou secretaria a persoa de menor idade.*

7.6.2. Salvo que concorran circunstancias excepcionais, que serán apreciadas pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, unha vez constituídos os tribunais só poderán actuar os membros presentes no acto de constitución e será suficiente coa asistencia de tres deles para a validez das sesións. Con todo, se chegado o momento da actuación dos tribunais, estes non puidesen actuar polo menos con tres membros, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará as medidas oportunas necesarias co fin de garantir o dereito do persoal aspirante á participación no proceso selectivo.

7.6.3. A suplencia do presidente ou presidenta será autorizada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, segundo corresponda; a dos/as vocais, polo presidente ou a presidenta que vaia a actuar, tendo en conta que deberá recaer no/a vocal suplente respectivo do tribunal suplente número 1 ou, na súa falta, nos/as que o sigan, segundo a orde en que figuren na disposición que os/as nomeou. Se non puidese constituírse así o tribunal acudirase, polo mesmo orde, aos/ás vogais do tribunal suplente número 2.

OBRIGATORIEDADE DE PARTICIPACIÓN NUN TRIBUNAL E CONCESIÓN DE SUPLENCIAS.

7.6.4. A participación nos órganos de selección ten carácter obrigatorio, de conformidade co disposto no artigo 8.3 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro. Sen prexuízo do anterior, **as presidencias dos tribunais concederán a suplencia, ademais de en os supostos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, a aquelas persoas que a soliciten e actúesen como membros dun tribunal de oposicións durante o ano 2016 ou seguintes, as que sexan directores ou directoras dun centro, as que teñan permiso sindical a tempo total ou aquelas persoas que estean a gozar dunha redución xornada con anterioridade ao 1 de maio de 2020 e que continúen durante o período no que lle correspondería actuar como membro do tribunal, as que estean a gozar do permiso de nacemento da nai biolóxica, ou por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla, e as que estean en situación de incapacidade temporal regulamentariamente concedida. Excepto nos supostos previstos na lei e para o suposto das persoas que teñan permiso sindical a tempo total ou estean a gozar do permiso de nacemento da nai biolóxica, ou por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla, non se concederá a suplencia cando non se poidan constituír os tribunais co número suficiente de persoal funcionario da especialidade correspondente.**

4. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS SORTEO 29/04/2021

- Só é un sorteo de vogais dos tribunais, os presidentes NON son elixidos por sorteo.
- Examen de coñecemento de Galego: non haberá tribunal específico
- Non hai paridade nos tribunais de varias especialidades, para non repetir "sempre" a mesma xente.
- Puntualización sobre membros dos seguintes tribunais:
 - **De PES**
 - Portugués: profesorado da especialidade aínda que non a imparta
 - Navegación e Instalacións Mariñas: profesorado universitario
 - Procesos e produtos de confección: profesorado doutras especialidades. (contará cun asesor recén xubilado).
 - **De PTFP**
 - Operacións e equipamentos de alimentación: profesorado con especialidade aínda que non imparta
 - Servizos á comunidade: non hai suplentes
 - **De Música e Artes Escénicas**
 - Gaita: funcionarios doutras especialidades
 - Clave: profesores de piano e o propio da especialidade
 - Danza clásica e Danza contemporánea: profesorado de fora da Comunidade .
 - **De Artes Plásticas**
 - Deseño e Moda: profesorado doutras especialidades